



**ANEXO III**

**PXA**

# *Plan autoprotección*

**CURSO 2022-2023**



CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA

## ACTUACIÓN EN CASO DE EVACUACIÓN - INCENDIO

### 1. MEDIDAS

PUNTO DE ENCONTRO		PISTA POLIDEPORTIVA
TAREFA	PERSOA RESPONSABLE	EVACUACIÓN
Dar a alarma e chamar aos bombeiros ao 112	Profesorado de garda ou coordinador/a	Activar o sistema de alarma e tocar o timbre (5 veces intermitente)
Desconectar a corrente eléctrica	Profesorado de garda ou coordinador/a	Pechar o subministro eléctrico no quadro xeral
Abrir as portas exteriores do edificio	Profesorado de garda ou coordinador/a	Abrir as portas e saídas do edificio
Coordinador xeral	Integrante do equipo directivo que estea dispoñible	Decidir medidas a adoptar en cada situación Recibir información no punto de encontro.

Ser informado das incidencias polo coordinador da planta		
Coordinador de planta	<p><b>Planta Baixa:</b> Profesorado que estea en 6º/5º</p> <p><b>Planta alta:</b> profesorado que estea en 3º/2º</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Control de que a evacuación se realice con orde polas vías establecidas.</li> <li>• Serán os últimos en abandonar a planta.</li> <li>• Control de que as ventás estean pechadas.</li> </ul>

#### 1.1. ACTUACIÓN A REALIZAR POLO PROFESORADO

- Pechar as ventás da aula e deixar as portas pechadas.
- Manter o alumnado en orde e control para unha evacuación ordenada.
- Facer o reconto no punto de encontro e comunicalo ao coordinador xeral.

## 1.2. ACTUACIÓNS A REALIZAR POLO ALUMNADO

- Saída de forma ordeada, sen mesturarse con outros grupos. Dirixirse ao punto de encontro.
- O alumnado que se atope fóra da aula deberá ir a súa clase.
- Deberán deixar os seus obxectos persoais.
- Nunca se deberá volver atrás
- Deberán saír primeiro os alumnos que se atopen nas aulas máis próximas a saída.
- Non se pode utilizar o ascensor.
- De haber fume nas escaleiras interiores permanecerase nas aulas sen saír.

<b>NÚMERO DE ALUMNOS</b>	132
<b>NÚMERO DE PROFESORADO</b>	16
<b>PERSONAL NON DOCENTE</b>	5

## 2. VÍAS DE ACCESO AO CENTRO

O centro ten dúas vías de acceso:

1. Acceso polo Centro de Saúde.
2. Acceso pola entrada de buses.

## 3. SAÍDAS DE EVACUACIÓN DO CENTRO

1. Saída porta principal.
2. Saída porta traseira ao campo de fútbol.
3. Saída de emerxencia planta superior

## 4. EQUIPOS DE SERVIZOS DE INTERVENCIÓN DE REFERENCIA:

- Grupo de emerxencias supramunicipais (GES) de A Guarda.

- Protección civil de A Guarda.
- Policía Local de A Guarda.
- 112 de Oia.
- Garda Civil.

## 5. SIMULACRO DE INCENDIOS-EVACUACIÓN

Poderase realizar un simulacro de incendio cunha evacuación inmediata atendendo a Orde do 22 de xullo de 1997 que regula determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de EI e os colexios de EP no 2º ou 3º trimestre do curso escolar.

Dito simulacro deberá recoller os seguintes aspectos:

- Día.
- Hora.
- Autorización do Concello e visto e prace da alcaldía.
- Aviso dos dos equipos de servizos e grupos de intervención que intervirán no simulacro.
- Avisarase ao Centro de saúde para que teña coñecemento do mesmo.
- Aviso das familias do alumnado con anterioridade vía AbalarMóbil e/ou páxina web.
- O programa de simulacro deberá recoller tamén:
  - Medidas e protocolo que vai realizar o centro.
  - Vías de acceso ao centro.
  - Equipos que intervirán e teléfonos dos mesmos.
  - Corte de tráfico do acceso ao centro, se procede.
  - Uso de vías de auga existentes no centro para a comprobación do seu funcionamento.
  - Unha vez finalizado, os grupos de intervención informarán ao alumnado das medidas, orientacións, materiais de utilización... e reuniranse co equipo directivo para avaliar e corrixir aqueles aspectos a mellorar.

# ADDENDA PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DE CENTRO: URXENCIAS E ENFERMIDADES CRÓNICAS

## 1. ATENCIÓN EDUCATIVA

- **Hospitalaria:** cando sexa preciso, períodos de ingreso nun hospital.
- **Domiciliaria:** para aquel alumnado que debe permanecer no domicilio por un período de tempo superior a un mes ou cunha enfermidade crónica cuxas faltas de asistencia ao centro sexan 6 ou máis días continuados ao mes nun período mínimo de seis meses.

## 2. URXENCIAS E AUTOPROTECCIÓN

### A. ALERTA ESCOLAR

Programa de Alerta escolar en colaboración coa Fundación 061.

Alumnado con patoloxía crónica con posibilidades de crise tales como:

- Crises alérxicas (anafilaxia) por exposición a alérxenos normalmente alimentarios.
- Crises comiciais (epilepsia en todas as súas formas).
- Crises diabéticas (en xeral por hipoglicemia).

**No caso de alerta chamada ao 061 e seguimento de instrucións.**

### B. PRIMEIROS AUXILIOS EN ENFERMIDADE REPENTINA E ACCIDENTES

- Seguimento das actuacións precisas nos primeiros auxilios (PPAA) e urxencias.
- Simulacros, simulacións e formacións en colaboración coa Fundación Pública Urxencias sanitarias Galicia-061.

## 3. ACTUACIÓNS BÁSICAS EN URXENCIAS DE SAÚDE E PRIMEIROS AUXILIOS

### DECÁLOGO DE PRIMEIROS AUXILIOS

- Ter uns coñecementos básicos no relacionado coa saúde e cidadanía responsable.
- Observar antes de actuar.
- Intervención con serenidade.
- Non mover ao accidentado antes de examinar ben o ferido.
- Non facer máis que o imprescindible.
- Xamais dar de beber ou comer ao accidentado.
- O accidentado debe ser tratado, non trasladado.
- A persoa que intervén debe protexerse sempre.

**P A S**

**PROTEXER**

>

**AVISAR**

>

**SOCORRER**

Protexer ó accidentado e a persoa que intervén

**061 Urxencias sanitarias**  
**112 Urxencias xerais**  
**Indicar:** lugar, tipo de accidente, nº de feridos e gravidade e identificación.

**Nunca debemos cortar a comunicación**

Salvar a vida.  
Evitar que se agraven as lesións.  
Organizar.

## 4. REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR

No caso de atopar unha vítima inconsciente, que non atenda a estímulos verbais ou dolorosos...

-Pedir axuda inmediatamente e avisar aos servizos de urxencia.

-Mentres cheguen:

- Abrimos vías respiratorias colocando a vítima boca arriba.
- Comprobar a respiración: oír respiración, sentir o alento, ver se levanta o peito...

### SE RESPIRA

-Colocarémola en posición lateral de seguridade.

### SE NON RESPIRA OU DUBIDAMOS

-Avisar ao 061 se non se fixo e indicar que está inconsciente e que non respira.  
-Practicar a reanimación cardiopulmonar seguindo as instrucións do médico da central de coordinación.

## 5. OUTRAS PAUTAS DE ACTUACIÓN ANTE DIVERSAS CASUÍSTICAS

Aplicaranse as seguintes instrucións só cando fose imposible contactar antes cos servizos sanitarios e polo tanto seguir as súas instrucións ou ante pequenas incidencias.

<p>5.1. ACCIDENTES ELECTRICIDADE</p>	<p>Cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia: - Cortar a corrente eléctrica. -Illarse para tocar o ferido: luvas, pau, subirse a algo illante.... -Valorar outras feridas. -Esperar atención sanitaria.</p>	
<p>5.2. ALTERACIÓNS TEMPERATURA CORPORAL</p>	<p>En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia: - Tranquilizar. -Medir febre. -Avisar familia. -Se hai febre, non abrigalo. -Máis de 40°C avisar servizos urxencia.</p>	
<p>5.3. AMPUTACIÓNS TRAUMÁTICAS</p>	<p style="text-align: center;">⚠ PAS</p> <p>-Seguir indicacións. -Seguir pauta de actuación feridas. -Valorar se hai hemorraxias e atendela. -Manter o membro elevado. <b>Membro amputado:</b> -Lavar as mans e poñer luvas. -Buscar o membro amputado. -Envolveo en gasas estériles. -Introducilo nunha bolsa e pechala. -Introducir a bolsa noutra con xeo rebaixado con auga. <b>-O ferido e o membro amputado deben trasladarse sempre xuntos.</b></p>	
<p>5.4. CRISES ASMÁTICAS</p>	<p><b>Nos casos crónicos pautar a actuación no caso de crises.</b> <b>En casos leves:</b> -Tranquilizar, buscar ambiente axeitado e sentar. -Nas crises asmáticas úsanse broncodilatadores inhalados,</p>	

	<p>onde unha vez relaxado o alumnado está adestrado para usalo.</p> <p style="text-align: center;"><b>En casos graves ou se a crise non remite:</b> ⚠️ PAS</p>		
<b>5.5. CRISES COMICIAIS (Convulsivas)</b>	<p style="background-color: red; color: white; padding: 2px;"><b>-Inscripción programa Alerta Escolar.</b></p> <p style="text-align: center;">⚠️ PAS</p> <p>- Todo o persoal coñecerá as pautas de actuación básicas. -Actuarase sempre baixo as instrucións dos servizo de urxencia (061). -Se non é posible contactar con eles:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Deixar que a crise siga o seu curso.</li> <li>• Apartar obxectos perigosos.</li> <li>• Protexer a cabeza.</li> <li>• Afrouxar roupa.</li> <li>• Poñer de lado.</li> <li>• Cando remate a convulsión, colocalo en posición lateral de seguridade e reavaliar a respiración.</li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>QUE NON FACER</b></p> <p>-Suxeitar a vítima. -Non taponar a boca nin poñerlle algo entre os dentes.</p>	
<b>5.6. CRISES DIABÉTICAS</b>	<p style="background-color: red; color: white; padding: 2px;"><b>-Inscripción programa Alerta Escolar.</b></p> <p>-Establece pautas de actuación básicas coñecidas polo persoal. -No caso de dúbidas sobre a crise sufrida, contactar coa familia ou se non é posible cos servizos de urxencia mediante Alerta Escolar. -En casos graves: aviso inmediate ao 061 -Alerta Escolar.</p> <p style="text-align: center;">⚠️ PAS</p>		
<b>5.7. CRISES PSIQUIÁTRICAS</b>	<p>En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia. -Tranquilizar -Apartar do resto do alumnado. -De ser posible atención de 2 persoas -Prioridade evitar danos físicos. -Avisar a familia. Seguir pautas establecidas para a actuación fronte condutas pasivas agresivas no Plan de Convivencia.</p> <p style="text-align: center;"><b>Casos graves:</b> ⚠️ PAS</p>		
<b>5.8. CONTUSIÓN, ESCORDADURAS E LUXACIÓN</b>	<p>En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia. -Aplicar frío local. -Inmovilizar a zona afectada. -manter repouso e elevar extremidade. -Remitir a atención sanitaria.</p> <p style="text-align: center;"><b>Casos graves:</b> ⚠️ PAS</p>	<p style="text-align: center;"><b>QUE NON FACER:</b></p> <p>-Mover a zona danada. -Non aplicar pomadas ou analxésicos.</p>	
<b>5.9. COPOS E STRAÑOS</b>	<p style="text-align: center;"><b>OLLOS</b> ⚠️ PAS</p> <p>Cando non sexa posible</p>	<p style="text-align: center;"><b>NARIZ E OÍDOS</b></p> <p>-Non tocalos e acudir ao</p>	<p style="text-align: center;"><b>QUE NON FACER:</b></p> <p>-Nunca fregar o ollo.</p>

	<p>contactar cos servizos de urxencia.</p> <p>-Lavar as mans e poñer luvas.</p> <p>-Lavar con abundante soro fisiolóxico.</p> <p>-Cubrir o ollo con gasa estéril e enviar ao centro sanitario.</p>	centro sanitario.	<p>-Nunca usar obxectos punzantes para sacar o corpo extraño.</p> <p>-Non realizar manipulacións innecesarias.</p>	
5.10. OUTRAS DORES	En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia.			
	<p><b>CABEZA</b></p> <p>-Tranquilizar e lugar relaxado.</p> <p>-Avisar aos proxenitores e mirar constantes vitais e nivel de consciencia para alertar ao 061 en caso necesario.</p>	<p><b>DENTES</b></p> <p>-Avisar as persoas proxenitoras.</p> <p>-Pódese aplicar frío local con xeo envolto en panos ou frío instantáneo durante a espera.</p>	<p><b>TORÁCICA</b></p> <p>-Avisar aos proxenitores e mirar constantes vitais e nivel de consciencia para alertar ao 061 en caso necesario.</p> <p>-Non dar comida, bebida ou medicamentos de ningunha clase.</p>	<p><b>ABDOMINAL</b></p> <p>-Avisar aos proxenitores e mirar constantes vitais e nivel de consciencia para alertar ao 061 en caso necesario.</p> <p>-Dor moi intensa intensa ou abdome moi duro: traslado urxente ao centro sanitario.</p> <p>-Se se acompaña de ansiedade, sudoración, náuseas, palidez ou vómitos, moi localizado ou provoca quietude absoluta, contactar inmediatamente cos servizos de urxencia.</p>
5.11. EPITAXES (hemorraxias nasais)	<p>En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia.</p> <p>-Lavar as mans e poñer luvas.</p> <p>-Efectuar presión directa cos dous dedos sobre a ventá nasal e contra o tabique nasal, mantendo a presión durante 10 min e sempre coa cabeza inclinada cara adiante (non cara atrás).</p> <p>-Pasados 10 minutos, aliviar a presión para comprobar se a hemorraxia pasou. De non ser o caso, introducir unha gasa impregnada con auga osixenada pola fosa nasal sangrante.</p> <p><b>Casos graves:</b></p> <p>⚠ PAS</p>		<p><b>QUE NON FACER:</b></p> <p>-Asoar o nariz</p>	
5.12. FERIDAS	<p>En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia.</p> <p>-Lavar as mans e poñer luvas.</p> <p>-Limpar a ferida con auga e xabón.</p> <p>-Secar a ferida con gasa dende o centro cara a periferia con forza.</p> <p>-Desinfectar cun antiséptico (Ex: clorhexidina). Nunca usar alcol nin auga osixenada.</p> <p>-Cubrila con gasa e esparadrapo.</p> <p>-Ferida superficial: notificar familias</p> <p><b>Casos graves:</b></p> <p>⚠ PAS</p>		<p><b>QUE NON FACER:</b></p> <p>-Usar algodón, pomadas...</p>	
5.13. FRACTURAS	<p>⚠ PAS</p> <p>Cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia.</p>		<p><b>QUE NON FACER:</b></p> <p>-Non suxeitar no lugar</p>	



<p><b>ÓSOS</b></p>	<p>-Inmovilizar a fractura, sempre na mesma posición que encontramos o oso, así como as articulacións.          -No caso de inmovilizar con férulas: improvisar cun material duro, suxeitalo, encher os ocos con materiais brandos e se a fractura e aberta cubrir cun apósito.          -As fracturas de cranio ou columna vertebral nunca se poden mover en absoluto.</p>			<p>da lesión.          -Nunca facer movementos innecesarios.</p>
<p><b>5.14 HEMORRAXIAS</b></p>	<p>En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia.          -Lavar as mans e poñer luvas.          -Deter a hemorraxia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Opción 1. Compresión do punto sangrante:</b> membro elevado, comprimir cunha gasa ou panos limpos entre 5-10 min sen retirar nunca. Se segue sangrando engadir gasas.</li> <li>• <b>Opción 2.</b> Se o anterior non e suficiente, comprimir o membro por riba do punto de sangrado.</li> </ul>			<p><b>QUE NON FACER</b>          -Non quitar as gasas enchoupadas.          -Nunca facer torniquetes excepto por mandato dos servizos de urxencia.</p>
<p><b>5.15 INSOLACIÓN OU GOLPE DE CALOR</b></p>	<p>En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia.          -Apartar da calor e levar a un lugar máis fresco.          -Afrouxar roupa.          -Aplicar panos de auga fría.          -Se está consciente dar de beber.          -Remitir aos servizos sanitarios.</p> <p><b>Casos graves:</b>          ⚠PAS</p>			
<p><b>5.16 INTOXICACIÓNS</b></p>	<p>⚠PAS</p>			
	<p><b>INXESTIÓN</b>          -Coñecer produto sospeitoso.          -Ter o produto a man para os servizos de urxencia.          (Non provocar nunca o vómito)          -Atención médica urxente.</p>	<p><b>SALPICADURA</b>          -Retirar toda a roupa e xoias.          -Lavado exhaustivo con auga.          -Atención médica urxente.</p>	<p><b>SALPICADUR AS OLLOS</b>          -Lavado con auga durante mín. 20 min.          -Tapar o ollo.          -Atención médica urxente.</p>	<p><b>INHALACIÓN</b>          -Protexer e avisar seguindo instrucións de urxencias.          -Socorrer: retirar o accidentado do ambiente tóxico (se é posible sen intoxicarnos nós).</p>
<p><b>5.17 LIPOTIMIAS, SÍNCOPES E SHOCKS</b></p>	<p>Síntomas: mareo, sudoración, abatemento, debilidade nas pernas, perda de coñecemento leve...          En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia:          -Deitalo cos membros inferiores elevados.          -Afrouxar roupa.          -Airear o lugar e evitar curiosos.</p> <p><b>No caso de perda de coñecemento:</b>          -Avisar aos servizos de urxencia.          -Colocalo en posición lateral de seguridade.          -Protexer do frío e do calor.</p>			<p><b>QUE NON FACER</b>          Dar comida, bebida ou medicamentos de ningunha clase.</p>

	-Vixiar constantemente o ferido, respiración, pulso... <b>Casos graves:</b> ⚠PAS	
<b>5.18. OBSTRUCCIÓN VÍA AÉREA</b>	<b>Casos graves:</b> ⚠PAS En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Obstrución incompleta ou parcial</b> (a vítima pode falar, tusir e respirar pero con dificultade): invítala a tusir forte. Dar ata 5 palmadas nas costas coa persoa lixeiramente inclinada cara adiante.</li> <li>• <b>Obstrución completa</b> (a vítima non pode falar, tusir e respirar e leva as mans ao pescozo: manobra de Heimlich).</li> </ul>	
<b>5.19. PICADURAS OU TRABADAS</b>	En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia: <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Insectos:</b> lavar mans, poñer luvas, limpar a ferida con auga e xabón e aplicar frío. Remitir á atención sanitaria cando o precise.</li> <li>• <b>Animais domésticos:</b> lavar mans, poñer luvas, seguir o mesmo proceso que en feridas xerais. Acudir ao centro sanitario para tratamento específico.</li> <li>• <b>Serpes:</b> manter en repouso a zona, vendaxe compresiva, lavar a ferida con auga e xabón, aplicar frío moderado na zona, remitir a atención sanitaria (se se pode apresar ou facer unha foto da serpe mellor).</li> </ul>	<b>QUE NON FACER</b> -Nunca aplicar remedios caseiros. -Non rascar. -Non facer incisións na pel. -Succionar ou chupar a zona trabada.
<b>5.20. QUEIMADURAS</b>	<b>Casos graves:</b> ⚠PAS En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Por calor: lavar as mans, poñer luvas, retirar accesorios, expoñer a zona queimada sobre o chorro de auga fría durante 10 min, cubrir con gasas con auga ou soro fisiolóxico, elevar zona afectada. (En grandes queimados cubrilos con mantas).</li> <li>• Por conxelación: lavar as mans, poñer luvas, quentar moderadamente con auga tibia, afrouxar a roupa.</li> <li>• Queimaduras eléctricas: lavar as mans, poñer luvas e actuar como indica o protocolo de accidentes eléctricos.</li> <li>• Químicas: lavar mans, poñer luvas, lavar con abundante auga, polo menos durante 20 ou 30 min.</li> </ul>	<b>QUE NON FACER</b> -Non aplicar pomadas. -Non aplicar remedios caseiros. -Non utilizar xeo ou auga xeada. -Nunca romper ampolas. -Non utilizar antisépticos con colorantes (Povidona iodada) -Non correr no caso de que o corpo estea con lapas. -Non arrincar a roupa pegada ao corpo pola queimadura.
<b>5.21 TRASTORNOS GASTRO- INTESTINAIS</b>	En <b>casos leves</b> ou cando non sexa posible contactar cos servizos de urxencia: -Tranquilizar ao alumnado. -Avisar a súa familia.	

<p>(VÓMITO, DIARREA...)</p>	<p>-Se hai sangue nas feces ou no vómito contactar inmediatamente cos servizos de urxencia. -Limpeza inmediata e hixienización para evitar contaxios.</p> <p><b>Casos graves:</b> ⚠️ PAS</p>	
<p>5.22. TRAUMATISMOS BUCODENTAIS</p>	<p><b>Casos graves:</b> ⚠️ PAS</p> <p>En caso de <b>traumatismos en dentes permanentes</b> (máis de 6 anos) é importante localizar o fragmento fracturado ou o dente enteiro para o tratamento.</p> <p>-Coller o dente pola coroa evitando tocar a zona da raíz. -Conservar a peza ou fragmento en leite frío, soro fisiolóxico ou incluso na propia saliba. Nunca transportar en seco. -Se a peza está aínda colgada do raíz, non manipular. -Avisar a familia e derivar a atención urxente odontolóxica (a primeira hora é clave).</p>	

## 6. NOTIFICACIÓN AS FAMILIAS E REXISTRO DE ACTUACIÓNS

-As familias serán informadas de todas as urxencias que afecten a menores ao seu cargo.

-En caso de urxencias vitais ou de gravidade, a prioridade é contactar cos servizos de urxencia. Sempre que sexa posible paralelamente, a familia será informada, mediante chamada telefónica.

-Cando so poida atender unha persoa á vítima, cando este estea estabilizada ou os servizos médicos asuman a atención, realizarase a chamada.

-En caso de urxencias menos graves (pequenos golpes, contusións, feridas menores...) avisarase a familia para informala ou para que se faga cargo da situación unha vez atendido o alumno/a de forma telefónica. Nos casos que se estime oportunos, a titoría, ou de non ser posible, o equipo directivo poderá dar traslado ás familias das actuacións fundamentais levadas a cabo mediante unha notificación por escrito. **Anexo.**

As/os responsables deste tipo de comunicacións serán as titoras/es. No caso de que unha incidencia se dea nunha especialidade, se esa incidencia é **leve, será o propio especialista** quen realice a chamada, informando logo ao titor/a. Se esa incidencia é **grave acordará co titor/a quen realiza a chamada.**

Empregarase como vía de comunicación inmediata para aquelas situacións que así o requiran, caso de enfermidades, golpes, mudas urxentes e outras incidencias que así o requiran.

-Naqueles casos máis graves ou incidencias maiores levarase a cabo un “Rexistro de actuacións en urxencia e incidencias” Seguindo o modelo **anexo.** Este documento será arquivado polo equipo directivo.

## 7. ATENCIÓN EDUCATIVA BÁSICA AO ALUMNADO CON ENFERMIDADE CRÓNICA

- Manterase un enfoque multidisciplinario na atención educativa deste alumnado atendendo aos criterios establecidos no punto 7.1. do *Protocolo de atención en urxencias sanitarias e*

*atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica* publicado pola Consellería de Educación.

- Partiranse dos principios básicos establecidos no punto 7.2. do *Protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica* publicado pola Consellería de Educación.

## A) ANTENCIÓN EDUCATIVA INTEGRADA

As accións orientadas a inclusión, normalización e atención do alumnado con enfermidade crónica pasaran por:

- A familia deberá facilitar toda a información relevante recollida en informes médicos, asinar as correspondentes autorizacións así como a inscrición no programa de alerta escolar se procede.
- Unha vez recollida a información, e co obxectivo de poñer en coñecemento da comunidade educativa as características da correspondente enfermidade crónica, realizarase unha reunión co persoal docente e non docente que atende a este alumnado para abordar as particularidades da enfermidade e dar a información necesaria para actuar en caso de urxencia.
- A persoa titora será a encargada de explicar ao resto do grupo-clase a situación deste compañeiro/a onde poderá contar coa axuda do DO e profesionais sanitario de referencia. Velarase pola súa integración e normalización no grupo.
- Actuarase en coordinación dos servizos sanitarios e escolares de referencia.
- Nomeamento de entre o profesorado do equipo de apoio escolar e coordinación ao alumnado con enfermidade crónica (Preferiblemente con formación en primeiros auxilios e sanitarios, experiencia, titor/a, profesorado de EF, funcións no comedor escolar...)

PROFESORADO DO EQUIPO DE APOIO ESCOLAR AO ALUMNADO CON ENFERMIDADE CRÓNICA		
COORDINADOR/A	MESTRE/A	MESTRE/A
<p>Funcións:</p> <p>Coordinación co persoal sanitario de referencia.</p> <p>Colaboración co DO e dirección.</p> <p>Apoio no control da enfermidade.</p> <p>Control e xestión de medicación e cuidados necesarios da enfermidade crónica.</p> <p>-Apoio na planificación de actividades extraescolares e complementarias (Caixa de urxencias).</p> <p>-Apoio nas medidas do Plan de atención individualizado.</p>	<p>Funcións:</p> <p>-Apoio e control da enfermidade.</p> <p>-Benestar do menor e control e mantemento da súa saúde.</p> <p>-Actuar no lugar do coordinador se este non está dispoñible.</p>	

- Calquera persoa atenderá as urxencias que poidan xurdir. Cando existan dúbidas da gravidade da emerxencia, e así o decide algún dos membros do equipo de apoio, ou en caso de urxencia, contactarase de inmediato co 061 activando a resposta de Alerta escolar.

## B) PLAN DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADO

Todo alumnado con enfermidade crónica que precise apoio educativo contará cun plan de atención individualizado:

- Ficha de información básica con foto.
- Autorización da familia.
- Plan de Alerta Escolar se o precisa.
- Informe do médico e pautas correspondentes. Estes datos serán trasladados ao caderno vermello de datos relevantes do alumnado custodiado no primeiro caixón da mesa de cada aula e en dirección co fin de actuar de xeito coordinado.
- -Formularios complementarios.

## 8. CAIXA DE URXENCIAS

Caixas de urxencias dispoñibles:

Caixa de urxencias do centro	Caixa de urxencias de cociña	Caixa de urxencias transportable
Situada no vestíbulo da entrada onde se centralizan os recursos sanitarios de acceso común. Nesta mesma zona pero nun compartimento diferenciado estará situada a medicación de atención ao alumnado con enfermidades crónicas debidamente clasificados.	Situada na cociña do comedor escolar, contén unha caixa de urxencias básica que permite intervención inmediata.	Para levada en saídas e excursións que conterá só o material básico para unha primeira intervención.
Responsable de revisión:	Responsable de revisión: cociñeira.	Responsable de revisión:

Contido da caixa básica:

- Gasas estériles.
- Luvas estériles.
- Venda de gasas.
- Algodón (Nunca para feridas).
- Tiritas.
- Esparadrapo de papel.
- Triángulos de tea para inmovilizacións e vendaxes improvisadas.
- Bolsas de frío instantáneo.
- Soro fisiolóxico.
- Xabón neutro.
- Gasas con remate para taponamentos nasais.
- Antiséptico incoloro tipo clorhexidina.
- Antiséptico coloreado tipo povidona iodada.
- Termómetro.
- Tesoiras de punta redondeada.
- Pinzas sen dentes.
- Lanterna.
- Manta térmica.

ANEXO I: PLAN DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADO

ANEXO II: REXISTRO DE INCIDENCIAS-URXENCIAS

ANEXO III: COMUNICACIÓN FAMILIAS

ANEXO IV: FORMULARIO INSCRICIÓN PROGRAMA ALERTA ESCOLAR

## PLAN DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADO

### FICHA DE ALUMNADO CON ENFERMIDADE CRÓNICA

<b>NOME E APELIDOS</b>			
<b>DATA DE NACEMENTO</b>	/ /	<b>SEXO</b>	<input type="radio"/> Mas. <input type="radio"/> Fem.
<b>ENFERMIDADE CRÓNICA OU CONDICIÓ SANITARIA</b>			



SÍNTOMA DE ALARMA	ACTUACIÓNS

AVISO ANTE SÍNTOMA DE ALARMA			
PARENTESCO	NOME E APELIDOS	TELÉFONO	HORARIO

EQUIPO SANITARIO	OUTRAS CONSIDERACIÓNS EN CASO DE URXENCIA
CENTRO MÉDICO/HOSPITALARIO DE REFERENCIA	
MÉDICO/A	
ENFERMEIRO/A	

**URXENCIAS SANITARIAS 061- 112**

## PLAN DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADO AUTORIZACIÓN DA FAMILIA

<b>NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A</b>		<b>CENTRO EDUCATIVO</b>	CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA
<b>NOME DO PAI /NAI/RESPONSABLE LEGAL</b>		<b>DNI</b>	

- Autorizo a consulta dos datos recollidos no Plan de Atención Individualizado, así como a intercambiar información sanitaria específica e confidencial co persoal sanitario (de atención regular e/ou de urxencias sanitarias) que proceda, co fin de garantirlle un control e tratamento axeitado da súa enfermidade ou condición crónica no centro educativo.
- Solicito e autorizo a que, segundo este Plan de Atención Individualizado, o persoal do centro poida apoiar as labores de control, seguimento e atención a urxencias, derivadas súa enfermidade ou condición crónica, imprescindibles para o mantemento da saúde, que deban realizarse no marco da actividade educativa, eximindo ao dito persoal de toda responsabilidade que puidera derivarse dos efectos adversos e/ou secundarios inherentes a esta actuación.

Nome e apelidos da persoa que fai a comunicacións:.....

En Oia, a ..... de ..... de 20....

Asdo:

*En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais facilitados quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable do ficheiro, solicitándoo ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo de San Caetano, S/N, 15781, Santiago de Compostela, ou mediante o envío dun correo electrónico a [sxt.cultura.educacion@xunta.es](mailto:sxt.cultura.educacion@xunta.es)*

**URXENCIAS SANITARIAS 061- 112**

**REXISTRO DE INCIDENCIAS DE CENTRO****NOME E APELIDOS DA PERSOA ACCIDENTADA**

--

**PERSOA**

Persoa  Persoa externa ao centro  Alumnado ( Curso \_\_\_\_\_ )

DÍA	HORA	LUGAR

**TESTEMUÑAS**

--

**CONDICIÓN NAS QUE OCORREU O INCIDENTE**

--

**SÍNTOMAS E /OU CONSECUCIAS DO INCIDENTE APRECIABLES  
(feridas, fracturas, contusións, alteracións, etc)**

--

**ACCIÓN LEVADAS A CABO E POR QUE**

--

<b>NOME</b>	(Persoa que fai a comunicación)
-------------	---------------------------------

<b>DATA</b>	
-------------	--

<b>SINATURA</b>	
-----------------	--





## COMUNICACIÓN FAMILIAS

NOME E APELIDOS DA PERSOA ACCIDENTADA	CURSO

DÍA	HORA	LUGAR

BREVE DESCRICIÓN DO ACCIDENTE

SÍNTOMAS E /OU CONSECUCIAS DO INCIDENTE APRECIABLES (feridas, fracturas, contusións, alteracións, etc)

ACCIÓNS LEVADAS / MEDIDAS ADOPTADAS

<b>NOME</b>	<i>(Persoa que fai a comunicación)</i>
<b>DATA</b>	
<b>SINATURA</b>	

## FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN NO PROGRAMA ALERTA ESCOLAR

Denominación do centro			
Nome do/a director/a			
Código do centro		Enderezo	
Localidade		C.P.	Concello
Teléfono		Fax	E-mail
Provincia			

### DATOS DO ALUMNO/A

Nome e apelidos do alumno			Data nacemento (dd/mm/aa)		
Sexo : masculino <input type="checkbox"/> feminino <input type="checkbox"/>			Tarxeta sanitaria <input type="checkbox"/>		
Nomes dos pais ou titores legais					
Enderezo					
Localidade		C.P.	Concello	Provincia	
Teléfonos de contacto: - domicilio: - traballo:					
Patoloxías (Sinala cun X)	Alerxia (*) alimentaria <input type="checkbox"/>	Shock Anafiláctico <input type="checkbox"/>	Diabetes/ Hipoglicemia <input type="checkbox"/>	Epilepsia <input type="checkbox"/>	Outras (*) <input type="checkbox"/>
Observacións (*especificuese)					

Autorizo expresamente que unha copia desta solicitude quede custodiada no centro escolar e saxa empregada polo persoal dependente do mesmo para o cumprimento dos fins do programa ALERTA ESCOLAR, de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Este formulario debe ir acompañado do informe médico.

..... de ..... de 200\_.

Asinado: Pai/nai ou titor legal.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmaselle que os seus datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, autorizando a esta ao tratamento dos mesmos no desenvolvemento das súas funcións legalmente atribuídas. Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, Edificio Usos Múltiples San Marcos, Santiago de Compostela. Igualmente, infórmaselle que a copia custodiada no centro escolar será incorporada a un ficheiro non automatizado titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, autorizando a esta a ao tratamento da mesma no desenvolvemento das súas funcións legalmente atribuídas e para os fins propios do programa ALERTA ESCOLAR. Respecto aos datos contidos na mesma, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito á Consellería de Educación e Ordenación Universtaria, Edificio Administrativo San Caetano, C.P. 15781, Santiago de Compostela.

**Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.  
Edificio Usos Múltiples San Marcos, Santiago de Compostela.**